



RESUMO DA SESIÓN DO CONSELLO DE GOBERNO DO DÍA 26 DE NOVEMBRO DE 2009

Ás 10.00 h, en segunda convocatoria, na sala do Consello de Goberno da Reitoría, A Maestranza, comeza a sesión ordinaria do Consello de Goberno que preside o Reitor Magnífico D. José María Barja Pérez, de acordo coa orde do día que figura no [anexo I](#).

1. Informe do reitor

O Sr. Reitor comeza a súa intervención dándolles conta aos membros do Consello de Goberno da interposición por parte da Universidade da Coruña dun recurso contencioso-administrativo contra unha resolución reitoral da Universidade de Santiago de Compostela pola que se desestima un recurso de reposición formalizado pola nosa universidade en que se solicitaba a declaración da nulidade da convocatoria de vinte prazas de PACS para impartir docencia clínica no Complexo Hospitalario Universitario da Coruña, realizada pola Universidade de Santiago de Compostela. Igualmente, dálles conta dos temas tratados na última sesión do Consello Social da Universidade da Coruña, que tivo lugar na cidade de Ferrol o día 27 de outubro de 2009. Na súa intervención informa da próxima reunión do Consejo de Universidades o día 2 de decembro. O Sr. Reitor remata amosando o pesar da Universidade da Coruña polo pasamento da Sra. Casal García, membro do persoal de administración e servizos da nosa universidade.

O Sr. Reitor dálle a palabra á Sra. Vicerreitora de Calidade e Novas Tecnoloxías, quen informa da resolución da convocatoria dos contratos programa deste ano, deténdose para tales efectos na explicación do número total de solicitudes presentadas, do número de solicitudes que se resolveron favorablemente, das razóns polas que algunhas solicitudes non se resolveron positivamente e nos criterios de repartición da partida económica destinada para tales efectos.

O Sr. Reitor dálle a palabra ao Sr. Vicerreitor de Profesorado, quen informa das prazas de profesorado convocadas e cubertas desde a última sesión do Consello de Goberno polo procedemento de urxencia, que figuran no [anexo II](#). Informa tamén das dúas avaliacións positivas de prazas de colaborador para a súa contratación laboral indefinida e da transformación dalgúns casos



en contratados doutores directamente, en aplicación do que está establecido na disposición adicional terceira da Lei orgánica 4/2007, do 12 de abril, pola que se modifica a Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades.

O Sr. Reitor dálle a palabra ao Sr. Vicerreitor de Cultura e Comunicación, quen dá conta da apertura, o pasado 5 de novembro, das novas salas de musculación e cardiovasculares nos baixos das instalacións deportivas do Estadio en Elviña. Remata sinalando que se fixo pública a convocatoria de axudas para a organización de xornadas divulgativas e ciclos de conferencias para o primeiro cuadrimestre (febreiro-maio) do ano 2010.

O Sr. Reitor dálle a palabra á Sra. Vicerreitora de Investigación, quen informa da situación actual das convocatorias de investigación da Xunta de Galicia, que como están sen resolver poden ocasionar problemas para a expedición de certificacións de gastos.

O Sr. Reitor dálle a palabra ao Sr. Vicerreitor de Estratexia e Planificación Económica, quen informa das imputacións de expedientes e da validación de expedientes correspondentes ao ano 2009 que figuran no [anexo III](#).

O Sr. Reitor dálle a palabra ao Sr. Vicerreitor de Infraestruturas e Xestión Ambiental, quen comeza a súa intervención pedíndolle desculpas aos membros do Consello de Goberno por non asistir ás sesións anteriores deste órgano de goberno por motivos de saúde. Na súa intervención, o Sr. Vicerreitor céntrase en temas relacionados cos traballos de redacción de proxectos e cos proxectos en execución sobre obras moi diversas da Universidade da Coruña, tanto en Ferrol como na Coruña, a cuxa información se pode acceder tamén acudindo ao espazo que hai na páxina web da nosa universidade para a Vicerreitoría de Infraestruturas e Xestión Ambiental

Remata a quenda de intervencións a Sra. Vicexerente do Campus da Coruña, quen informa das convocatorias de prazas para o persoal de administración e servizos da nosa Universidade. Sinala que se continúa coa negociación dos temarios co Comité de Empresa e que se está a traballar para o seu envío e posterior publicación no *Diario Oficial de Galicia*, tentando axustar as novas convocatorias ás que xa foron enviadas no seu día de informática e conserxaría.



2. Aprobación, se proceder, da acta da sesión ordinaria do 21 de outubro de 2009

Apróbase, por asentimento, a acta da sesión ordinaria do 21 de outubro de 2009, que estivo a disposición dos membros do Consello de Goberno na Secretaría dos seus respectivos centros e na Secretaría Xeral da Universidade.

3. Contratos e convenios

Para os efectos de cumprir o que establece o artigo 27.2 dos Estatutos da Universidade da Coruña, o Sr. Secretario Xeral infórmaos dos 39 convenios que figuran no [anexo IV](#), que se clasifican nesta ocasión en convenios marco (2), convenios específicos (18) e convenios para prácticas (19) e que cumpriron todos os trámites preceptivos previos que se requiren para a súa aprobación polo Consello de Goberno nesta sesión.

Logo dunha quenda de intervencións en que participa o Sr. Delgado Martín, os convenios en cuestión son aprobados por asentimento.

4. Premios á excelencia no bacharelato

O Sr. Reitor dálle a palabra á Sra. Vicerreitora de Estudantes e Relacións Internacionais quen, na súa condición de presidenta do xurado dos Premios Universidade da Coruña á Excelencia Académica no Bacharelato, lle propón ao Consello de Goberno a concesión destes premios ás persoas da relación que figura no [anexo V](#).

Logo dunha quenda de intervencións en que participa o Sr. Pena Agras para advertir da presenza de certos erros na documentación presentada, apróbase por asentimento a concesión dos Premios Universidade da Coruña á Excelencia Académica no Bacharelato ás persoas que figuran no mencionado anexo, corrixidas as eivas formais existentes.

5. Bolsas de colaboración en departamentos do Ministerio de Educación

O Sr. Reitor dálle a palabra á Sra. Vicerreitora de Estudantes e Relacións Internacionais, quen lles dá conta aos membros do Consello de Goberno da relación de bolsas de colaboración de estudantes en departamentos para o



curso académico 2009-2010, que figuran no [anexo VI](#), para os efectos da súa aprobación.

Apróbase por asentimento a distribución das bolsas de colaboración nos departamentos que figura no mencionado anexo.

6. Modificación do Regulamento de Asociacións de Estudantes

O Sr. Reitor dálle a palabra Sra. Vicerreitora de Estudantes e Relacións Internacionais, quen explica a proposta de modificación do Regulamento de Asociacións de Estudantes que figura no [anexo VII](#), que trae causa da necesidade de corrixir certas disfuncións rexistradas na aplicación desta norma interna da nosa universidade.

Ábrese unha quenda de intervencións en que participan o Sr. Delgado Martín, o Sr. Fernández López e o Sr. Nogueira López.

Logo desta quenda de intervencións, propónse que a redacción do artigo 27 sexa a seguinte: «O incumprimento dos compromisos adquiridos coas propias bases da convocatoria dará lugar á suspensión da axuda concedida».

Apróbase por asentimento esta proposta de modificación do Regulamento de asociacións de estudantes, incorporando os citados cambios no artigo 27.

7. Títulos propios

O Sr. Reitor dálle a palabra á Sra. Vicerreitora de Organización Académica e Titulacións, quen dá conta das solicitudes de títulos propios, quen son os que figuran no [anexo VIII](#). Aproveita a súa intervención a Sra. Vicerreitora para indicar tamén que se trata das propostas de títulos de nova implantación que se someten á aprobación deste Consello de Goberno co compromiso, no caso de seren aprobados, de se reconverteren en oficiais, ademais de indicar que a norma pola que se regulan os títulos propios vai ser obxecto de modificacións, que se someterán ao Consello de Goberno para a súa aprobación, se proceder.

Apróbase por asentimento a relación de novos títulos que figura no mencionado anexo.



8. Proposta de modificación do Programa Docentia

O Sr. Reitor dálle a palabra á Sra. Vicerreitora de Calidade e Novas Tecnoloxías, que lles dá conta aos membros do Consello de Goberno da proposta de modificación do Programa Docentia, que figura no [anexo IX](#) e coa finalidade mellorar algunhas cuestións deste programa logo de se rematar con éxito a súa posta en funcionamento cunha primeira convocatoria no curso académico 2008/2009.

Ábrese unha quenda de intervencións en que participan o Sr. Salvador González, o Sr. Delgado Martín e a Sra. López Fernández.

Apróbase por asentimento a proposta de modificación do Programa Docentia, deixando constancia o Sr. Delgado Martín de que mantén o votado en sesións anteriores do Consello de Goberno en relación con esta mesma cuestión.

9. Venias docentes

O Sr. Reitor dálle a palabra ao Sr. Vicerreitor de Profesorado, quen dá conta da solicitudes de venias docentes que figuran no [anexo X](#) para impartir docencia en centros adscritos.

Logo de explicar o Sr. Vicerreitor como é o procedemento para a concesión ou a denegación das venias docentes, apróbase a relación de venias docentes que figura no mencionado anexo.

10. Prazas de profesorado

O Sr. Reitor dálle a palabra ao Sr. Vicerreitor de Profesorado, quen dá conta en primeiro lugar da relación de prazas para docencia ordinaria que figura no [anexo XI](#). Apróbase a relación de prazas en cuestión.

A continuación dá conta da relación de prazas para impartir docencia nos mestrados no segundo cuadrimestre, que son as prazas que figuran no [anexo XII](#). Logo dunha quenda de intervencións en que participan o Sr. Delgado Martín e a Sra. López Poza, apróbase a relación de prazas en cuestión.



E por último, dá conta da relación de prazas solicitadas polo programa de promoción de titulares de escola universitaria e colaboradores, que figura no [anexo XIII](#). Apróbase a relación de prazas en cuestión.

11. Tribunais de prazas de profesorado

O Sr. Reitor dálle a palabra ao Sr. Vicerreitor de Profesorado, quen informa das propostas de composición da comisións xulgadoras das prazas que figuran no [anexo XIV](#).

Apróbase por asentimento a composición das comisións xulgadoras que figuran no mencionado anexo.

12. Quenda aberta de intervencións

Toma a palabra a Sra. López Fernández, quen logo de agradecer as xestións realizadas en relación coa seguridade viaria do seu centro, centra a súa intervención na resolución da convocatoria de contratos programa deste ano, anunciando que vai ser impugnada no caso do seu centro porque se entende que se están a aplicar criterios que non viñan recollidos na convocatoria e non teñen nada que ver cos contratos programa.

Toma a palabra o Sr. Fernández López, quen se interesa polos efectos da fusión da Escola Politécnica Superior e da Escola Universitaria Politécnica sobre o persoal de administración e servizos destes centros. Remata a súa intervención tratando o tema do impacto dos orzamentos do ano 2010 na adquisición de fondos bibliográficos, pois considera que se poderían racionalizar os recursos e evitar as duplicidades de material por compras non coordinadas antes de rebaixar as partidas. En resposta, o Sr. Reitor indícalle en relación coa fusión que é un proceso longo e non para agora, aínda que evidentemente a súa conclusión correcta debe ter en conta a situación do persoal de administración e servizos destes centros, que foi o que se fixo no caso da proposta de fusión da Facultade de Económicas e da Escola Universitaria de Estudos Empresariais. Tamén interveñen a Sra. Vicerreitora de Investigación e o Sr. Vicerreitor de Estratexia e Planificación Económica para lle agradecer as súas suxestións de racionalización dos fondos bibliotecarios, sinalando tamén que as mencionadas duplicidades non se deberían producir.



Toma a palabra o Sr. Portela Fernández, quen comeza a súa intervención sinalando que nunha das últimas reunións mantidas polo Comité de Empresa do Persoal de Administración e Servizos laboral coa Xerencia informouse de que a Universidade da Coruña non podía iniciar a negociación dunha nova relación de postos de traballo sen ter elaborados os novos orzamentos, pois era preciso coñecer a cantidade económica de que se podía dispoñer para encarar a negociación. Por isto, considera que o persoal de administración e servizos laboral sempre se ve obrigado a esperar en cada reunión do Consello de Goberno para que se aproben prazas, a diferenza do persoal docente e investigador, para o que se si se aproban prazas, acordándose nalgúns casos ampliacións cos representantes dos traballadores do capítulo VI, o que evidencia que si hai posibilidades de pactar a pesar de que non estean plenamente elaborados os orzamentos. Para estes efectos, cita como exemplo a negociación da conversión de prazas de contratados Parga Pondal en prazas de persoal docente e investigador até o ano 2012, que é algo que non casa co establecido na programación plurianual, que só comprende os anos 2009 e 2010. Remata a súa intervención sinalando que todo isto, ademais, supón incumprir o establecido no convenio, en que se dispoñía que debería haber unha nova relación de postos de traballo para o ano 2009, por esta razón anuncia que o Comité de Empresa vai denunciar este incumprimento pola vía xudicial, dado que son moitos os traballadores do colectivo do persoal de administración e servizos laboral que están á espera desta relación de postos de traballo desde o ano 2006, que era unha data fixada no convenio colectivo anteriormente vixente. En resposta, a Sra. Vicexerente do Campus da Coruña sinala que cando se falou co Comité de Empresa indicouse que podía negociar xa ou esperar a ter datos sobre o orzamento, e o Sr. Vicerreitor de Estratexia e Planificación Económica indícalle que tanto as prazas do persoal de administración e servizos como do persoal docente e investigador se aproban sempre que estean orzadas, que as prazas do persoal docente e investigador están acordadas na programación plurianual, computándose na súa globalidade sen representar un crecemento de efectivos e, por último, que é mellor negociar sobre a base dunha previsión económica, por esta razón desde o mes de xuño infórmase neste Consello de Goberno da situación económica da nosa universidade.

O Sr. Portela Fernández toma de novo a palabra para se interesar pola situación das persoas expropiadas de San Vincenzo de Elviña. En resposta, o Sr. Vicerreitor de Infraestruturas e Xestión Ambiental indícalle que hai persoas afectadas por expropiacións pasadas e presentes e que estas últimas, cuxa expropiación vén motivadas pola Área Residencial da Universidade e



polo Parque Tecnolóxico, teñen recoñecido legalmente o dereito ao realoxamento no propio lugar, que é algo que está a negociar a Universidade da Coruña co Concello da Coruña e co Instituto Galego da Vivenda e do Solo, sempre sobre a base de que a Universidade vai apoiar as persoas afectadas.

Toma a palabra a Sra. González Martínez, quen solicita que se actualicen as listas de espera e se interesa polo procedemento de selección das persoas contratadas polo Plan Labora, en que deberían estar presentes tamén membros do Comité de Empresa. Remata a súa intervención preguntando cando se vai abrir a matrícula do Mestrado Oficial de Secundaria e polo emprego das bicicletas para o desprazamento polos campus da Universidade da Coruña, que non se ven. En resposta, a Sra. Vicexerente do Campus da Coruña, logo de lle sinalar que se procederá á actualización da listaxe de espera, indica que na última convocatoria do Plan Labora, que non depende da Xerencia, non se convocou o Comité de Empresa do capítulo VI, aínda que lle consta que en convocatorias anteriores si se fixo, pero non asistiu ningún representante, que a selección se fai por entrevista, que non se cobra a asistencia á comisión se é en horas de traballo e a inclusión deste persoal na relación de postos de traballo do persoal de administración e servizos depende da propia negociación da relación de postos de traballo. Igualmente, intervén a Sra. Vicerreitor de Estudantes e Relacións Internacionais para lle indicar que a distribución do persoal do Plan Labora está en función das solicitudes do centros e que a entrevista é de obrigado cumprimento. A Sra. Vicerreitora de Organización Académica e Titulacións indícalle que non se facilitou unha data para a matrícula no Mestrado Oficial de Secundaria, aínda que foi enviado á Xunta de Galicia un escrito en que se indica que, para comezar as aulas en tempo, a data límite para comezar está no día 9 de decembro. Por último, o Sr. Vicerreitor de Infraestruturas e Xestión Ambiental sinalalle que se vai facer un informe sobre o emprego das bicicletas, de como se adxudicaron e de como se controlan, que dará a coñecer aos membros do Consello de Goberno e ás persoas que así o soliciten.

Toma a palabra o Sr. Sánchez García para solicitar que as convocatorias se fagan en programas abertos, para amosar tamén a súa preocupación polo feito de que a Oficina de Software Libre poida deixar de existir debido á finalización do concerto coa Xunta de Galicia, por esta razón a Universidade da Coruña debería garantir o seu funcionamento, aínda que non exista este concerto. Logo de criticar o funcionamento da cafetaría de Filoloxía, remata a súa intervención pedindo melloras no Pavillón de Deportes de Elviña, pois hai pingueiras, na comunicación por autobuses aos centros de Oza e Bastiagueiro



e nas máquinas dispensadoras dos centros, que podían ofertar outros servizos que se poderían mercar coa tarxeta universitaria. En resposta, a Sra. Vicerreitora de Calidade e Novas Tecnoloxías e o Sr. Vicerreitor de Estratexia e Planificación Económica indícanlle que a Oficina vai seguir porque o concerto vai ser renovado e que podería seguir sen concerto, aínda que habería que resolver o tema do persoal que debe existir para atender o seu funcionamento. Tamén intervén a Sra. Vicerreitora de Estudantes e Relacións Internacionais para informar de que se mantiveron reunións cos responsables de transportes e as melloras solicitadas son complicadas de atender e para indicarlle tamén que no tema das máquinas dispensadoras se pode falar coa empresa concesionario para que introduza cambios.

Toma a palabra o Sr. Delgado Martín para se interesar pola situación actual dos planos de estudo dos graos, tendo en conta que os prazos están a piques de vencer, e polos centros que aínda están pendentes da aprobación en Consello de Goberno dos seus planos de estudos. Interésase tamén polo prazo de entrega na Xunta de Galicia e por saber que pasa se un centro non cumpre os prazos. Remata a súa intervención interesándose tamén polas obras do CITEEC. En resposta, a Sra. Vicerreitora de Organización Académica e Titulacións, logo de informar da situación dos centros cuxos planos de estudo están pendentes de aprobación, sinala que hai un calendario aprobado por este Consello de Goberno e que todos os planos pendentes deben estar na Xunta de Galicia como máis tardar o 28 de decembro. Sinálalle tamén que, en caso de incumprimento por algún centro, se estudaría a posibilidade de que a Xunta de Galicia puidese ampliar o prazo na medida do posible, mais tendo en conta que a responsabilidade de que exista un título adaptado ou non é do centro, sen prexuízo de que o Consello de Goberno poida arbitrar medidas excepcionais por razóns institucionais. O Sr. Delgado Martín toma de novo a palabra para amosar a súa preocupación polo que está a pasar no seu centro, pois semella que se está a deixar todo para última hora e isto implicará dispoñer de pouco tempo para estudar e revisar, como se merece, toda a documentación de cara á súa posterior aprobación. Logo de que a Sra. Vicerreitora sinala que o equipo de goberno da Universidade tamén comparte esta preocupación, o Sr. Vicerreitor de Infraestruturas e Xestión Ambiental dálle conta da situación das obras do CITEEC e das razóns polas que se rexistran demoras considerables na súa materialización, que darán lugar loxicamente á esixencia das responsabilidades legais a quen corresponda. O Sr. Delgado Martín considera que se trata dunha obra realmente importante e da que se debería, como outras obras, informar con certa periodicidade ao Consello de Goberno e aos demais órganos implicados desta universidade.



Toma a palabra o Sr. Ferreiro Baamonde, quen se interesa polas persoas que se encontran na situación recollida na disposición adicional terceira da Lei orgánica 4/2007, do 12 de abril, de reforma da lei orgánica de universidades. O Sr. Vicerreitor de Profesorado respóndelle que se tratou na mesa sindical e que se acordou por unanimidade aplicar literalmente o que está establecido nesta disposición adicional.

Remata a quenda de intervencións o Sr. Nogueira López solicitando que nas convocatorias dos contratos programa dos centros se repare no impacto do número de estudantes matriculados en mestrados oficiais interuniversitarios.

Sen máis asuntos que tratar, remata a sesión ás 14:00 horas.